

Con data 24 de febreiro, recibín esta carta do presidente coa encomenda de facervos partícipes da súa dimisión, que se formalizará no próximo plenario, que será convocado en breve.
Sen outro particular, un saúdo cordial

X.L. Axeitos
Secretario

**Á Comisión executiva e membros numerarios e correspondentes da Real Academia Galega.
Mediante este escrito renuncio á presidencia da Real Academia Galega e no mesmo acto renunciarei á condición de membro numerario da institución.**

Doulles as grazas e un abrazo a todos os membros da Executiva porque á súa intelixencia, superior cultura e desinteresada entrega son debidas as obras, éxitos e conquistas que acadou e coñeceu a Academia no período inconcluso que termina coa redacción da presente carta.
De modo especial quero destacar a dedicación sacrificada e lúcida do Secretario.

Á maioría dos académicos e académicas quérrolles significar os meus sentimentos fraternais e o meu agradecemento polo seu labor ilusionado, a súa lealdade institucional e cooperación eficiente.

Non obstante, outros académicos e académicas, unidos a persoas externas, fixéronme sentir que eu non teño sitio na Academia. Beizón tamén a estes e estas porque os seus esforzos, finalmente coroados por un éxito completo, tiveron a virtude de me facer ver a tempo onde debo estar e onde non debo estar nos poucos días que me resten de vida.

Viva e floreza a Academia Galega!
Viva Galicia ceibe!

Xosé L. Méndez Ferrín
Presidente